



6. RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN



ALCANCE

- Todos os títulos oficiais inscritos no RUCT das Universidades do SUG.

OBXECTIVOS

- Garantir que a implantación do título se levou a cabo de acordo á memoria verificada, cos recursos humanos e materiais axeitados, obtendo os resultados esperados e apoiándose nun SGC.
- Garantir que o título tivo un proceso de seguimento apropiado e empregando a información cuantitativa e cualitativa, elaborando as propostas de mellora oportunas.
- Asegurar que a información pública pertinente e relevante para os diferentes axentes de interese do sistema universitario estea dispoñible.
- **Aportar recomendacións e/ou suxestións de mellora para o título.**



FASES DO PROCESO



ACSUG • Rúa Lamas de Abade s/n, Edif. IES Compostela 5ª planta • 15702 Santiago de Compostela
Tfno: 981554175 • Fax: 981554174 • E-mail: acsug@acsug.es • www.acsug.es



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

**Guía de evaluación para la
renovación de la
acreditación de títulos
oficiales de grado y máster**

Octubre 2013



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

CRITERIOS DE EVALUACIÓN

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

- Criterio 1. Organización e desenvolvemento
- Criterio 2. Información e transparencia
- Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

- Criterio 4. Recursos humanos
- Criterio 5. Recursos materiais e servizos

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

- Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
- Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento



ALINEACIÓN CRITERIOS RENOVACIÓN ACREDITACIÓN E SEGUIMIENTO DE TÍTULOS

RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	PROCESO DE SEGUIMIENTO
Criterio 1. Organización e desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do cumprimento do proxecto: Descrición do Título, Xustificación, Competencias, Acceso e admisión de estudantes, Planificación das ensinanzas, Calendario de implantación - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 2. Información e transparencia	<ul style="list-style-type: none"> - Información pública: Información relevante do título, Información referida aos indicadores, Información do SGC - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do cumprimento do proxecto: SGC - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 4. Recursos humanos	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do cumprimento do proxecto: Recursos humanos - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 5. Recursos materiais e servizos	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do cumprimento do proxecto: Recursos materiais e servizos - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do cumprimento do proxecto: Competencias, Planificación das ensinanzas - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendimento	<ul style="list-style-type: none"> - Información pública: Resultados previstos - Valoración do cumprimento do proxecto: Resultados previstos - Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas nos diferentes informes



1.- ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e asignaturas previstas na memoria verificada.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes, e no seu caso, se se establecen as accións de mellora oportunas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar os estudos.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.



2.- INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

3.- SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, se se establecen as melloras oportunas.



4.- RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación dos recursos humanos que participan no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta co profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

4.2.- Persoal de apoio. O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

5.- RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestructuras e servizos postos a disposición dos estudantes e do profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

6.- RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.



7.- INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimos. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e de outros grupos de interese é adecuada.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do mesmo.



DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

- o Indicadores de demanda
- o Indicadores de resultados
- o Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e de outros grupos de interese é adecuada.

- o Indicadores de satisfacción con persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- o Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do mesmo.

- o Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título
- o Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título
- o Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos



A análise baséase en:**Evidencias:**

- * Memoria vixente do título
- * Informe de verificación do título
- * Informes de modificacións, se os houberse
- * Informes de seguimento
- * Enquisas de satisfacción
- * Indicadores SIIU
- * Informes realizados sobre a adecuación da titulación coas necesidades e requisitos da profesión
- * Accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores
- * Entrevistas co equipo directivo, estudantes, profesorado, egresados, empregadores

Indicadores:

- * Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- * Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- * **Evolución dos indicadores de resultados** (Estes datos facilitaranse de forma global **para o título e para cada unha das materias/asignaturas** que compoñen o plan de estudos/título):
 - Taxa de graduación
 - Taxa de abandono
 - Taxa de eficiencia
 - Taxa de rendemento
 - Taxa de éxito
- * Evolución dos resultados das enquisas de satisfacción
- * Evolución dos resultados de inserción laboral



VALORACIÓN DOS CRITERIOS

Supérase excelentemente (A). O criterio cúmplase de forma sistemática e exemplar en todos os aspectos a valorar.

Alcánzase (B). O criterio cúmplase para todos os aspectos a valorar pero existen algunhas posibilidades de mellora.

Alcánzase parcialmente (C). O criterio cúmplase para a maioría dos aspectos a valorar pero non en todos e existen claras posibilidades de mellora.

Non se alcanza (D). O criterio non se cumpre para a maioría dos aspectos a valorar e apenas existen evidencias do seu cumprimento.

REQUISITOS

Será **imprescindible** obter a cualificación mínima de “**B**” nos seguintes criterios:

Criterio 4. Recursos humanos

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

O anteriormente sinalado non exclúe de que se, en función da natureza do título e a modalidade de ensinanza-aprendizaxe do mesmo, se identifican deficiencias graves noutros criterios se poda emitir un informe en termos desfavorables.



DOCUMENTACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

- A memoria vixente do título, que debe incluír todas as modificacións realizadas
- O informe de verificación e, no seu caso, os informes de modificacións
- Os informes anuais de seguimento do título elaborados pola Universidade
- Os informes de seguimento do título emitidos pola ACSUG
- **Calquera outra documentación que a Universidade considere de interese para o proceso**
- Informe de certificación da implantación do SGC (Programa FIDES-AUDIT) e plan de accións de mellora anuais do mesmo
- Indicadores provintes do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)
- O informe da visita ao centro

Co Informe de Seguimento, o título poderá poñer a disposición da ACSUG o maior número posible de evidencias e indicadores, relacionados cos sete criterios, para que as Comisións de Avaliación realicen unha revisión das mesmas antes da visita ao centro.



- **TÍTULOS EN PROCESO DE MODIFICACIÓN:** Os procedementos de renovación da acreditación e de modificación dos plans de estudo son INDEPENDENTES E CLARAMENTE DIFERENCIADOS.

- **TÍTULOS CONXUNTOS OU INTERUNIVERSITARIOS:** Trátase de titulacións únicas, cun único plan de estudos oficial, aínda que se imparta en varias universidades mediante un convenio de colaboración. A Universidade RESPONSABLE ADMINISTRATIVA (a que enviou o título a verificar) debe tramitar un ÚNICO EXPEDIENTE de renovación da acreditación.

O resultado da renovación da acreditación será FAVORABLE ou DESFAVORABLE. Se existen deficiencias graves en algunha universidade O TÍTULO **NON SE PODERÁ VOLVER A IMPARTIR** EN NINGUNHA DAS UNIVERSIDADES PARTICIPANES

- **TÍTULOS INTERCENTROS DUNHA MESMA UNIVERSIDADE:** Se existen deficiencias graves nalgún dos centros onde se imparte o título, PODERÁ TER UN INFORME FAVORABLE "CONDICIONADO" Á ELIMINACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO/S CENTROS QUE NON CUMPLEN OS REQUISITOS.



Anexo II: Plantilla de Avaliación






7.- PROGRAMA FIDES-AUDIT




CICLO DA MELLORA CONTINUA



GARANTIA DE CALIDADE



Os centros que teñan implantado o SGC están en posición de dar unha mellor resposta á verificación, seguimento, modificacións e acreditación das titulacións.



Elementos que serán **objeto de recoñecemento** en caso de obter a certificación do SGC

FIDES-AUDIT	ACREDITACIÓN
SGC certificado	<p>Criterio 1: Organización e desenvolvemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> oO perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, en su caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada. oParticipación do alumnado en programas de mobilidade. oCoherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título. <p>Criterio 2: Información e transparencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> oCompleto con valoración de “Se alcanza”. Obterase unha valoración de “Excelente” dependendo do análise do plan de melloras. <p>Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> oCompleto con valoración de “Se alcanza”. Obterase unha valoración de “Excelente” dependendo do análise do plan de melloras. <p>Criterio 4: Recursos humanos.</p> <ul style="list-style-type: none"> oA institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente. oParticipación do profesorado en programas de mobilidade. <p>Criterio 5: Recursos materiais e servizos.</p> <ul style="list-style-type: none"> oOs servizos de atención ao estudante (documentación, informes de calificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos en estos temas. <p>Criterio 6: Resultados de aprendizaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> oOs resultados de aprendizaxe se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. <p>Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendimento.</p> <ul style="list-style-type: none"> oOs indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. oOs indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. oOs indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

FASES DO PROCESO





PROGRAMA FIDES-AUDIT

Guía para la certificación de la implantación de Sistemas de Garantía de Calidad

Noviembre 2013



1.- COMO O CENTRO DEFINE A SÚA POLÍTICA E OXECTIVOS DE CALIDADE

- 1.1.- Existe declaración pública e por escrito que recolla a súa política, alcance e obxectivos de calidade actualizada
- 1.2.- Realízanse accións para a mellora continua da política e obxectivos de calidade
- 1.3.- Réndense contas aos grupos de interese
- 1.4.- Existen evidencias que demostran que este procedemento implantouse de forma efectiva:
- Establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos de calidade



2.- COMO O CENTRO GARANTE A CALIDADE DOS SEUS PROGRAMAS FORMATIVOS

2.1.- Recóllese información sobre os programas formativos e se analiza

2.2.- Realízanse accións para a mellora continua das actuacións relativas á garantía da calidade dos programas formativos

2.3.- Réndense contas aos grupos de interese

2.4.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Política de persoal académico e de apoio á docencia
- Deseño e revisión da oferta formativa
- Captación, selección, admisión e matriculación de estudantes
- Tutoría e orientación académica e profesional a estudantes
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacións
- Avaliación do aprendizaxe
- Mobilidade dos estudantes
- Prácticas externas
- Análise dos resultados académicos
- Información pública
- Inserción laboral
- Suspensión dun título
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxerencias
- Xestión do persoal académico e de apoio á docencia
- Xestión dos recursos materiais e servizos
- Xestión de expedientes e tramitación de títulos
- Medición, análise e mellora: análise de resultados

3.- COMO O CENTRO ORIENTA AS SÚAS ENSINANZAS AOS ESTUDANTES

3.1.- Recóllese información para valorar as necesidades do centro e se analiza

3.2.- Realízanse accións para a mellora continua dos procesos relacionados cos estudantes

3.3.- Réndense contas aos grupos de interese

3.4.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Deseño e revisión da oferta formativa
- Revisión e mellora das titulacións
- Perfís de ingreso e captación de estudantes
- Captación, selección, admisión e matriculación de estudantes
- Tutoría e orientación académica e profesional a estudantes
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacións
- Avaliación do aprendizaxe
- Mobilidade dos estudantes
- Prácticas externas
- Orientación profesional
- Análise dos resultados académicos
- Información pública
- Inserción laboral
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxerencias
- Xestión de expedientes e tramitación de títulos
- Medición, análise e mellora: análise de resultados

4.- COMO O CENTRO GARANTE E MELLORA A CALIDADE DO SEU PERSOAL ACADÉMICO

4.1.- Recóllese información sobre necesidades de persoal académico e se analiza

4.2.- Recóllese información sobre os resultados do seu persoal académico e se analiza

4.3.- Realízanse accións para a mellora continua das actuacións relativas ao persoal académico

4.4.- Réndense contas aos grupos de interese

4.5.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Política de persoal académico e de apoio á docencia
- Deseño e revisión da oferta formativa
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacións
- Información pública
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
- Xestión do persoal académico e de apoio á docencia
- Medición, análise e mellora: análise de resultados

4.6.- Comparáronse, analizáronse e realizáronse as melloras oportunas, se fose o caso, da situación actual e o incluído na memoria de verificación dos títulos que se imparten no centro



5.- COMO O CENTRO XESTIONA E MELLORA OS SEUS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

5.1.- Recóllese información sobre necesidades de recursos materiais e servizos e se analiza

5.2.- Recóllese información sobre os resultados da xestión de recursos materiais e servizos e se analiza

5.3.- Realízanse accións para a mellora continua dos recursos materiais e servizos

5.4.- Réndense contas aos grupos de interese

5.5.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Deseño e revisión da oferta formativa
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacións
- Información pública
- Inserción laboral
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
- Xestión dos recursos materiais
- Xestión da prestación de servizos
- Medición, análise e mellora: análise de resultados

5.6.- Comparáronse, analizáronse e realizáronse as melloras oportunas, se fose o caso, da situación actual e o incluído na memoria de verificación dos títulos que se imparten no centro



6.- COMO O CENTRO ANALIZA E TEN EN CONTA OS RESULTADOS

6.1.- Recóllese información sobre os resultados de aprendizaxe, indicadores, inserción laboral e satisfacción dos grupos de interese e se analiza

6.2.- Realízanse accións para a mellora continua dos resultados de aprendizaxe, indicadores, inserción laboral e satisfacción dos grupos de interese

6.3.- Réndense contas aos grupos de interese

6.4.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos de calidade
- Deseño e revisión da oferta formativa
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacións
- Tutoría e orientación académica e profesional a estudantes
- Avaliación do aprendizaxe
- Mobilidade dos estudantes
- Prácticas externas
- Análise dos resultados académicos
- Información pública
- Inserción laboral
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
- Medición, análise e mellora: análise de resultados



7.- COMO O CENTRO PUBLICA A INFORMACIÓN SOBRE AS TITULACIÓNS

7.1.- A web do centro proporciona información relevante, actualizada e de fácil acceso de cada un dos títulos que se imparten no centro

7.2.- A web do centro proporciona información relevante, actualizada e de fácil acceso sobre o SGC

7.3.- Realízanse accións para a mellora continua da información pública que se facilita aos grupos de interese

7.4.- Existen evidencias que demostran que os procedementos relacionados con esta directriz implantáronse de forma efectiva:

- Establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos de calidade
- Política de persoal académico e de apoio á docencia
- Deseño e revisión da oferta formativa
- Planificación, desenvolvemento, revisión e mellora das titulacóns
- Captación, selección, admisión e matriculación de estudantes
- Tutoría e orientación académica e profesional a estudantes
- Avaliación do aprendizaxe
- Mobilidade dos estudantes
- Prácticas externas
- Análise dos resultados académicos
- Información pública
- Inserción laboral
- Xestión dos documentos e as evidencias
- Suspensión de un título
- Satisfacción, expectativas e necesidades
- Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
- Xestión do persoal académico e de apoio á docencia
- Xestión dos recursos materiais
- Xestión da prestación de servizos
- Xestión de expedientes e tramitación de títulos
- Medición, análise e mellora: análise de resultados

VALORACIÓN DOS ELEMENTOS:

- **Satisfactorio (SA):** Existen evidencias que apoian a realización ordenada e sistemática de accións ligadas ao sentido do elemento e, ademáis, que éstas se desenvolven dunha maneira eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas na documentación do SGC.
- **Suficiente (SF):** Existen evidencias acerca da realización de actividades ligadas ao elemento que permiten afirmar que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- **Non conformidade menor (ncm):** Apórtanse evidencias puntuais da existencia de contidos na documentación e no uso do SGC relacionados coa cuestión plantexada por o elemento, pero non se axustan na súa totalidade ás directrices establecidas no SGC e/ou non están correctamente definidos ou non se executan de maneira sistemática.
- **Non conformidade maior (NCM):** Non existe evidencia, ou ésta é inadecuada, acerca do cumprimento da cuestión plantexada polo elemento.



PLANTILLA DE AVALIACIÓN



COMISIÓNS DE CERTIFICACIÓN SGC

Auditor xefe

Auditor profesionais

Secretaria/o ACSUG

- Realizar a revisión documental:
 - ✓ Informe dos cambios incluídos no SGC
 - ✓ Documentación do SGC
- Realizar a visita ao centro.



DÍA	HORARIO	ACTIVIDADE
1º	09.00-09.15	Recepción da Comisión Certificación
	09.15-09.45	Reunión co Equipo Directivo
	09.45-10.30	Reunión coa Comisión de Garantía de Calidade
	10.30-11.30	Visita guiada ás instalacións
	11.30-14.00	Estudo da documentación solicitada. Análise das evidencias
	14.00-15.00	Xantar
	15.00-16.00	Reunión cos responsables (coordinadores) dos títulos avaliados (senón forman parte da CGC)
	16.00-17.00	Reunión cunha mostra de títulos de prácticas
	17.00-18.00	Reunión cunha mostra de títulos dos traballos fin de grado/máster
	18.00-19.00	Reunión cunha mostra representativa de persoal académico de cada título
	19.00-20.00	Entrevistas individuais cos membros da comunidade universitaria que o soliciten Audiencia pública
2º	09.00-10.00	Reunión cunha mostra representativa de empregadores
	10.00-11.00	Reunión cunha mostra representativa de estudantes de cada título
	11.00-11.30	Descanso
	11.30-12.30	Reunión cunha mostra representativa de persoal de apoio
	12.30-13.30	Reunión cunha mostra representativa de egresados/as
	13.30-14.30	Reunión con outras audiencias que a Comisión estime oportunas
	14.30-15.30	Xantar
	15.30-17.30	Reunión da Comisión de Certificación
	17.30-18.30	Reunión final da Comisión de Certificación co Equipo directivo/CGC. Informe oral
	18.30-19.00	Despedida da Comisión

Informe provisional



Alegacións

+

Plan de accións de mellora



Informe final

Elaborar PLAN DE ACCIÓNS DE MELLORA **no caso de que no** Informe de Auditoría se inclúan **NCM** ou **ncm**.



O **certificado** terá unha **validez de seis anos**. Cada **ano**, o centro, debe enviar á ACSUG o **plan de accións de mellora**, aos tres anos realizarase unha **auditoría de seguimento** e ao cabo dos seis anos realizarase unha **auditoría de renovación**.



OBXECTIVO:

Realizando **unha visita** ao centro pódese **certificar** a implantación do **SGC** e renovar a **acreditación** de todos os **títulos** que se imparten.



Convocatoria anual para solicitar a participación no proceso.

- Dispoñer dun SGC deseñado segundo o Programa FIDES-AUDIT e avaliado, o seu deseño, positivamente pola ACSUG.
- Ter implantado o SGC cunha antelación mínima de seis meses á solicitude de certificación.
- Dispoñer de titulacións oficiais que contén con egresados ou se encontren desenvolvendo o derradeiro curso da titulación.
- Solicitar a certificación, utilizando os modelos de documentación previstos na Guía.



- **Número máximo** de centros para **participar** na convocatoria será de **catro** por universidade.
- Prazo de presentación de solicitudes á ACSUG ata o **15 de decembro de 2013**.
- Prazo de presentación da documentación completa do SGC ata o **15 de febreiro de 2014**.



	2013			2014						
	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL
Difusión do programa ás Universidades	■	■								
Selección avaliadores, formación			■	■						
Envío documentación SGC á ACSUG				■	■					
Revisión documentación, acordar datas visita					■	■				
Visita aos centros						■	■			
Informes de certificación								■	■	
Meta-avaliación do programa										■



INFORME SOBRE O PROCESO DE SEGUIMENTO



1. O proceso de seguimento
2. Títulos obxecto de seguimento:
convocatorias 2011, 2012 e 2013
3. Resultados
4. Conclusións



Contextualización:

- A **Universidade** elabora un Informe de Seguimento anual de cada un dos títulos de grao e máster implantados e os envía á ACSUG (novembro):
 - Información pública
 - Valoración cumprimento proxecto
 - Accións ante as recomendacións
 - Boas prácticas detectadas
- **ACSUG** realiza, como mínimo, un Informe de Seguimento de cada título dentro do periodo comprendido entre a implantación deste e o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación.



Convocatorias do proceso de seguimento


TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POR ACSUG													
RAMA	CICLO	2011				2012				2013			
		UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	0	0	1	1	2	9	5	16	5	8	4	17
	Máster	0	0	0	0	1	7	7	15	2	3	2	7
Ciencias	Grao	0	1	1	2	1	4	4	9	2	3	4	9
	Máster	0	0	0	0	1	12	5	18	0	0	3	3
Ciencias da Saúde	Grao	1	0	0	1	4	2	2	8	4	2	2	8
	Máster	0	0	0	0	3	8	1	12	0	2	0	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	1	1	0	2	8	9	5	22	11	8	13	32
	Máster	1	0	1	2	8	16	18	42	1	2	4	7
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	0	0	0	0	8	3	5	16	2	1	1	4
	Máster	0	0	1	1	6	7	17	30	1	3	1	5
TOTAL		3	2	4	9	42	77	69	188	28	32	34	94

Proxecto Piloto 2011: 9 títulos (6 graos e 3 másteres). Voluntario. Preferentemente graos implantados no 2008/2009.

Convocatoria 2012: 188 títulos (71 graos e 117 másteres). Graos implantados 2008/2009+Máster implantados no 2009/2010 (proced. Abreviado)+Graos solicitados polas tres Universidades (66).

Convocatoria 2013: 94 títulos (70 graos e 24 másteres). Graos implantados no 2009/2010+Master implantados no 2010/2011.





UDC:
49 graos
24 másteres


USC:
51 graos
60 másteres

UVI:
47 graos
60 másteres

Dos 345 títulos de grao e máster verificados no SUG, ACSUG realizou o seguimento de 291 (**147 graos e 144 Máster**)


61 deles foron obxecto de seguimento en mais dunha convocatoria.






Maior porcentaxe de máster que de graos na Rama de Enxeñaría e Arquitectura.






Maior número de conformes en grao que en máster





Incremento de conformes entre a segunda e a terceira convocatoria (38,3% em 2012 frente a 76,6% em 2013)





Incremento de conformes entre convocatoria 2012 e 2013:

-Graos: dun 54,9% de conformes en graos (39 de 71) aumenta ao 84,2% (59 de 70)

-Másteres: dun 28,20% de conformes (33 de 117) aumenta ao 54,16% (13 de 24).



Motivacións máis frecuentes de “non conforme”:

- Autoinformes de seguimento idénticos de varios títulos impartidos no mesmo centro
- Autoinformes de seguimento idénticos do mesmo título en distintas convocatorias
- A reflexión e información aportada escasa, polo que non é posible realizar unha adecuada valoración do cumprimento do proxecto
- Autoinformes de seguimento que non aportan datos obxectivos e afirmacións que se poden trasladar a calquera outro título
- Ausencia de evidencias sobre coordinación intercentros/interuniversidades



INFORMACIÓN PÚBLICA

- **Mellora considerable da información pública entre 2012 e 2013.** A maioría dos títulos contan con información completa, actualizada e relevante para os distintos grupos de interese.
- **Recomendacións:**
 - Mellora da navegabilidade, co obxectivo de construír unha web máis sinxela e intuitiva
 - Mellora na complementariedade da información aportada sobre un mesmo título nas distintas páxinas web
 - Mellora da accesibilidade dos principais resultados do título.
 - Mellora da información relacionada cos cursos ponte ou de adaptación e os complementos de formación.
- **Puntos fortes:**
 - Publicación das temáticas dos traballos fin de grao e máster
 - Publicación de proxectos e traballos realizados polos estudantes.
 - Publicación dos plan de mellora
 - Enlace aos organismos ou entidades colaboradoras dos títulos.



VALORACIÓN CUMPRIMENTO PROXECTO

- **Melloras entre 2012 e 2013:**
 - Mellora na reflexión que cada título realiza sobre a evolución do proxecto, así como na descrición das desviacións detectadas en cada un dos criterios e as propostas de mellora deseñadas para solventalas.
 - Mellora na descrición das modificacións realizadas polo título, froito do proceso de seguimento, e a xustificación das mesmas.
- **Recomendacións:**
 - Necesidade de apoiar a reflexión do desenvolvemento do proxecto en datos obxectivos (resultados das enquisas de satisfacción e taxas de indicadores).
- **Puntos fortes:**
 - Reflexión sobre resultados de taxas.
 - Elaboración dun plan de melloras do título onde se inclúen todas as propostas de mellora



Propostas de mellora do proceso de seguimento (ACSUG)

- Instar ás universidades para que inclúan nos autoinformes de seguimento información sobre quen fai os informes, como se aproban, etc.
- Revisión e mellora da guía de seguimento introducindo os aspectos clave a considerar en cada un dos criterios.
- Mellora e simplificación dos modelos de informes de ACSUG. Homoxeneización de informes das Comisións de avaliación.
- Mellorar a revisión de aspectos transversais aos títulos impartidos nun mesmo centro e que son revisados por diferentes comisións.
- Axustar os prazos de emisión de informes entre as diferentes comisións de avaliación.
- Mellorar a ferramenta de avaliación que empregan as comisións.



INFORME SEGUIMIENTO



MOITAS GRAZAS

